

INTERVENCIÓN PABLO LÓPEZ VIDAL NA INTERPELACIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O PECHE DA VÍA RÁPIDA DO SALNÉS (28-03-07)

Eu quixera empezar para dicirlle a don Alejandro que non confunda a blandura co talante, sabe que nós témoslle moito talante. Pero xa que estamos falando de estradas, vamos poñer un pouquiño o retrovisor e mirar para atrás. Esta estrada, a via do Salnés, antes denominada, mal denominada por vostedes, vía rápida do Salnés, foi inaugurada o 24 de xuño do ano 1993, é dicir, catro meses antes das eleccións autonómicas, esto era planificar a conciencia.

O presidente, daquela, xa o dixo a conselleira, fardaba, e así está recollido nos medios de comunicación, dunha obra ambiciosa, que se rematou antes de tempo, aforramos máis de 760 millóns de pesetas, e a propaganda inaugural, daquelas era abundante nos medios de comunicación, dicía, construíndo con futuro, ... incluso, levamos á banda de música municipal de Lalín, que puxo os acordes, faltaron os foguetes, pero todo unha festa para celebrar as cousas ben feitas, como se facían antes.

E ¿cal é a realidade? Volvemos á actualidade, ao noso país, outono de 2006 desmorónase a VRG 4.10 en Meis, socavóns que parte en cachos a estrada, fúndese a xoia da corona, e lle enseño fotos dese afundimento, para que vaia copiando e vaia tomando nota. A Consellería acorda o peche da vía, porque hai informes técnicos, dos que se toman en consideración, agora si se toman en consideración, que dicen que hai 30 tubarias defectuosas, é dicir, unha estrada estaba sementada de tuberías defectuosas, o criterio adoptado, por certo, aplaudido deste este grupo, foi o da seguridade viaria, que a vostede parece ser que non lles importa moito, así se puxo de manifesto coa aprobación do Plan de seguridade vial. É dicir, evitar riscos, evitar accidentes, é dicir, señor Gómez Alonso, salvar vidas, porque esta estrada, lamentablemente, xa leva cobrado moito esta vía

vidas porque esta estrada lamentablemente xa leva cobrado moitas, esta vía rápida. Nós aplaudimos esa decisión responsable que foi tomada sen demagogia, sen populismo, priorizando a seguridade dos que por ela circulan por

enriba de calquer consideración ou condicionante. ¿Ou é que existe outro valor máis importante ca vida das persoas que circulan por unha vía de comunicación?

Vostede vén, que, por certo, falou ben pouco nesta interpelación, e nos traslada nese escrito a teoría da conspiración. Xa a coñecemos. Desdobramento, inundacións, incendios... Pero mire unha cousa, señor deputado, os cidadáns deste país xa non lle tragan nin coa mentira nin coa manipulación, xa están cheos, vacunados. O remate das reparacións fíxose en catro meses, en catro, non en cinco, en catro meses reparouse a vía. Por certo, se foi informando detalladamente aos alcaldes da zona, aos usuarios da estrada, detalladamente e pormenorizadamente da execución dos traballos o arranxo dun gran desperfecto dunha obra pública feita con 5.100 millóns das antigas pesetas que, por certo, pagamos todos os galegos e que logo se fundiu, abaratouse.

No ano 2008, por certo, está prevista que este novo Goberno remate o desdobramento. Isto son realidades e non papeis.

Por certo, nada de decisións unilaterais, non se confundan, eso vostedes coa guerra de Iraq, nós non.

Neste Parlamento como moi ben xa dixo a deputada que me precedeu no uso da palabra acorda a creación o 26 de decembro dunha comisión de investigación para determinar as causas do cambio da tubaxe, se hai outras condicións da vía que fan que haxa unha tremenda accidentalidade nela ou por qué se produciron modificacións no proxecto inicial de 1991. Vostede con esta iniciativa qué pretende interferir nesa comisión neste órgano parlamentario, por certo, solicitado por vostedes, pretende desviar a atención, pretende sacar unha cortiniña de fume, poñer o ventilador; ou é que é outra nova táctica zaplanista neste Parlamento de Galicia. Un instrumento que parece ser que agora a vostedes non lle serve o están cuestionando con esta iniciativa ou non confían nos que están alí para que poidan chegar a unhas conclusións.

Eu creo que, como sempre, vostedes perdidos, sen rumbo e vostede é o que fala ben aquí, súbese á tribuna e fala de caos. Teñen que aclararse non saben o que queren.

E nós nos preguntamos e nos preguntaremos na comisión e o preguntamos a vostede agora nesta iniciativa, ¿por qué se modificaron os materiais do proxecto

na súa totalidade? ¿Quen foi o responsable? ¿Os técnicos? ¿Os que firman? Imposible.

Será o político que neste caso tamén ten a ousadía de acudir á comisión de investigación para ver se coacciona as comparecencias dos técnicos que van a comparecer nese órgano parlamentario, me pregunto. ¿Será que os responsables políticos daquela como andaban a outras cousas non se enteraron do que acontecía e lle cambiaban os papeles? Tamén poderá ser. ¿En prol de que intereses se mudou o proxecto de obra? Da estrada non, porque aos trece anos afundiuse. ¿Cales foron as razóns ocultas que determinaron que o poder político daquela época acordase a modificación da obra? ¿Para aforrar 760 millóns de pesetas? ¿A canto ascendeu o custe desta reparación que nos vimos obrigados a acometer? ¿Haberá responsables para eso? Eí si que se poden pedir indemnizacións por danos e prexuízos pero xa chegaremos ao final, deixemos andar a comisión.

E como sempre serán os funcionarios, ese vai ser o seu plantexamento. Por certo, teoría interesante que vén de acuñar o seu flamante líder do seu partido. Sempre é culpa dos funcionarios. E poño un exemplo, caso Tomiño. Orde do 18 de maio do ano 2005. Expediente PO 03010. O obxecto deste documento é a reclasificación dun ámbito de 184 hectáreas de solo de protección ecolóxica en solo de protección forestal. Asignado o vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda. ¿Estos foron os técnicos da consellería?

Legalizan as obras con posterioridade a que estén acometidas. E, por certo, tamén nesto participaba a Consellería de Medio Ambiente que nin estivo por alí nin se lle esperou. Foron da man Política Territorial e Medio Ambiente e, por certo, agora si, agora si que hai un proceso xudicial aberto, unha investigación e unha instrución xudicial para dilucidar se se cometeron presuntos delitos de prevaricación contra os recursos naturais, o medio ambiente e a ordenación do territorio e xa veremos o que acontece. Agardar a resolución do tribunal que se lle gusta acatarana e senón criticarana como fan sempre. Pero xa veremos se foron os funcionarios os culpables desta situación.

Pero como pode un responsable político, señor Gómez Alonso, subir aquí e botárllelo morto sempre aos técnicos da administración autonómica. Perdémolo norte, perdémolo sur, o leste e o oeste, xa non hai máis.

Pero pónolle máis exemplos se vostede quere seguir por aí. Concesións enerxéticas. Caso claro de clientelismo e neste caso en concreto que xa saben todos ao que me estou referindo de cuñadismo. Consellerías participantes neste evento: Industria, Medio Ambiente e Política Territorial. E tamén foron os técnicos os que trapichearon coas concesións. Xa o veremos ao final.

Había instaurado neste país, señores do Partido Popular, un sistema de impiedade, sobrálles todo, pero isto favorablemente acabou. A Xunta era daquelas unha finca particular, gobernaban só para uns poucos privilexiados, a estes foilles moi ben e ao resto foilles bastante mal. Hoxe, por sorte, estamos descubrindo as trilerías e tropelías que vostedes facían nas obras públicas, nas concesións administrativas e donde botaban as mau. As obras emblemáticas exemplo da acción do Goberno popular cáense a cachos e vostedes pretendendo que é o que a min máis me chama a atención, pretendendo aínda dar leccións. Eu creo que están a recibir unhas poucas e aínda van a recibir moitas máis.

Outro exemplo de incompetencia e vou a rematar con eso. Vía do Barbanza, o corredor da morte chamado. Por certo, xa foi pechado por vostedes, lles recordo ou senón pregúntelle a un deputado que circula habitualmente por ela que houbo que levantar toda a capa de rodadura porque aquela era unha pista de patinaxe onde morría e morreu lamentablemente moita xente. por tanto, houbo que pechala e vostedes procederon ao seu peche para poder levantar a capa de rodadura e cambiala. E agora para poder desdobrala hai que tamén pechala porque hai que modificar o trazado, hai que variar a plataforma que vostedes fixeron porque non serve e hai que reparar esta vía para convertela, agora si, nunha autovía. Hai que proceder, por tanto, a unha reforma integral para salvar outro fracaso do Partido Popular. Antes había un modelo discrecional, o modelo ocorrencia e o modelo da incompetencia. Afortunadamente, señorías, isto mudou co cambio.

Señora conselleira, pode vostede presumir neste caso en concreto e noutros moitos de eficacia, unha estrada aburatada en catro meses foi solucionada.

Por certo, eso é o que lles preocupa ao Partido Popular que se solucionara un problema que tínhamos aí moi grave nun tempo récord, eso é o que lle preocupa ao Partido Popular e por eso presentan esta iniciativa. Gobernar dicía vostede é decidir, é priorizar. Neso coincidimos, señora conselleira.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)